

**Resolución reitoral pola que se convocan as axudas para redactar e defender en galego teses de doutoramento, traballos de fin de grao e de mestrado universitario, curso 2022/2023**

A Universidade de Vigo ten como un dos seus obxectivos promover o uso da lingua galega, tal e como se proclama nos seus estatutos e na Lei do sistema universitario de Galicia. No Plan de política lingüística da Universidade de Vigo recóllese o obxectivo específico de incrementar o uso do galego nas tarefas investigadoras e a acción de continuar coas actividades de promoción dos traballos de fin de carreira e de terceiro ciclo en galego, aumentando a dotación das axudas.

De non houber impedimento, esta actividade formará parte do anexo do convenio de colaboración en materia de normalización lingüística que asinan anualmente a Universidade de Vigo e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan *Lei orgánica 2/2023*, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

**ESTA REITORÍA RESOLVE:**

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, axudas para redactar e defender en galego teses de doutoramento, traballos de fin de grao e de mestrado universitario, que se xestionarán de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica [sede.uvigo.gal/](https://sede.uvigo.gal/) e no [Portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia unha resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 22/06/2022 (DOG 06/07/2022)

A vicerreitora de Extensión Universitaria

Susana Reboveda Morillo



CSV : GEN-ef77-9609-2f4d-755d-0f82-86ab-d4a6-f926

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : SUSANA MARIA REBOVEDA MORILLO | FECHA : 11/07/2023 11:58 | NOTAS : F

## ANEXO I

## BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA REDACTAR E DEFENDER EN GALEGO TESES DE DOUTORAMENTO, TRABALLOS DE FIN DE GRAO E DE MESTRADO OFICIAL

**1. OBXECTO**

O fin desta convocatoria é incentivar o uso do galego nas teses de doutoramento, nos traballos de fin de grao e nos traballos de fin de mestrado universitario realizados polo estudiantado da Universidade de Vigo, así como premiarmos o esforzo e o rigor de lle dar un tratamento coidado ao idioma e incrementar o patrimonio dos textos redactados.

**2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES**

Poderá solicitar estas axudas o estudiantado da Universidade de Vigo que cumpra os seguintes requisitos:

- Presentar e defender a tese de doutoramento (TD), o traballo de fin de grao (TFG) ou o traballo de fin de mestrado oficial (TFM) na Universidade de Vigo entre o 19 de setembro de 2022 e o 15 de setembro de 2023. **Quedan excluídos os TFG do Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos literarios (módulo de lingua galega), do Grao en Tradución e Interpretación (Galego-Inglés) e do Grao en Tradución e Interpretación (Galego-Francés).**
- Presentar a declaración do director/a da TD ou do titor/a do TFG/TFM de que o traballo se redactou e se defendeu integramente en lingua galega segundo o modelo do anexo II.
- Redactar as TD, os TFG e os TFM integramente en lingua galega de acordo coas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* da Real Academia Galega e do Instituto da Lingua Galega (NOMIG, 2003).
- No caso do TFG e do TFM obter unha cualificación mínima de 9.

Non poderán ter a condición de beneficiarias as persoas nas que conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións*.

**3. INCOMPATIBILIDADES**

Estas axudas son incompatibles con calquera outra obtida para a mesma finalidade.

**4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO**

1. Os fondos destinados a estas axudas irán con cargo á aplicación orzamentaria 2023 0000 4215 NLI 482.99 e o importe máximo do crédito orzamentario retido ascende a 12.000 €, para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito adecuado e suficiente.
2. A contía individual máxima será de 600 € no caso das TD e de 150 € no caso dos TFG e TFM.
3. O pagamento da bolsa efectuarase mediante unha transferencia á conta bancaria da que a persoa solicitante deberá ser titular ou cotitular, no prazo dun mes contado desde a data de resolución da convocatoria.

CSV : GEN-ef77-9609-2f4d-755d-0f82-86ab-d4a6-f926

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : SUSANA MARIA REBORDA MORILLO | FECHA : 11/07/2023 11:58 | NOTAS : F



## 5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As persoas solicitantes deberán empregar o **formulario en liña** no seguinte enlace [https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir\\_paso1/11473](https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/11473), **descargalo e presentalo na sede electrónica** da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) a través da instancia xenérica (SXER) existente na sede. No **asunto** indicará “*Axudas para redactar e defender en galego teses de doutoramento, traballos fin de grao e mestrado universitario*” e achegará unicamente o formulario coa solicitude.

Para a presentación electrónica deste procedemento, a sede electrónica da Universidade de Vigo dispón de instrucións de axuda que os/as solicitantes deberán observar en todo momento [https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-06/Guia\\_rexistro\\_instancia\\_xenerica\\_gl.docx.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-06/Guia_rexistro_instancia_xenerica_gl.docx.pdf). No caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de presentación dos formularios, poderán dirixirse ao enderezo electrónico [sede@uvigo.gal](mailto:sede@uvigo.gal).

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para as persoas interesadas neste procedemento (art. 66.6 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, requiriráselle para que a presente a través da sede electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que se realizou a emenda, de acordo ao artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. O prazo de presentación das solicitudes comezará o día seguinte de publicarse esta convocatoria e rematará o **15 de setembro de 2023** ás **23:59 horas** (hora peninsular española).

3. No formulario en liña achegarase a seguinte documentación (non hai que subir a documentación á sede electrónica):

- *Declaración* do director/a da TD ou do titor/a do TFG/TFM de que o traballo se redactou e se defendeu en lingua galega (anexo II).
- Copia en formato PDF da TD, do TFG ou do TFM.

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación necesaria para a correcta avaliación dos requisitos e dos méritos alegados. O feito de non achegar a documentación requirida será causa de exclusión.

## 6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A Sección de Axudas e Bolsas, logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas** e, sinalará os motivos de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo de **dez días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, as causas de exclusión e a falta de documentación. Para tal fin, presentarán o **formulario de alegacións** na secretaría virtual. De non presentar a emenda entenderase que desiste da súa solicitude tras a resolución ditada conforme a Lei 39/2015 do 1 de outubro.



Unha vez revisadas as alegacións, a Sección de Axudas e Bolsas efectuará a adxudicación do seguinte xeito:

- En primeiro lugar, outorgaráselles a axuda ás solicitudes admitidas de teses de doutoramento. No caso de que o orzamento non sexa suficiente ordenarase por nota media do expediente académico de grao.
- Se non se esgota o orzamento dispoñible, o crédito restante repartirase entre os TFG/TFM que cumpran os requisitos ata un máximo por persoa de 150 €, cun mínimo de 60 € ordenados por nota do traballo.
- Só se poderá obter un premio por persoa nesta convocatoria.

Así publicará a **listaxe provisoria de persoas con axuda concedida e denegada**, con mención das causas de denegación e a **listaxe de agarda** por orde de puntuación para o caso de existiren renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **dez días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao de publicación. Para tal fin **presentarán** o *formulario de alegacións* na secretaría virtual.

Unha vez que a Sección de Axudas e Bolsas revise as alegacións, enviaralle á vicerreitora de Extensión Universitaria a proposta para adxudicar as axudas mediante a correspondente resolución.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar unha resolución expresa no prazo de tres meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución conterà a listaxe definitiva de persoas con premio concedido e a súa contía, a listaxe de solicitudes denegadas e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación (ou desde o día seguinte de recibir esta notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación (ou desde o día seguinte de recibir esta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As listaxes ás que se refire este punto, así como a resolución de adxudicación, publicaranse no taboleiro da sede electrónica [sede.uvigo.gal/](https://sede.uvigo.gal/) e no [portal de bolsas](#) da web da universidade. Isto producirá os efectos da notificación de conformidade co artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



As comunicacións individuais necesarias realizaranse ao enderezo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas se consideren como notificación.

## 7. RENUNCIA

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante o **formulario de renuncia** existente na secretaría virtual e presentalo na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal> dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, xunto co xustificante de reintegro da contía correspondente no caso de ter efectuado o pagamento. As renuncias aceptadas darán lugar á perda dos dereitos económicos e á concesión da bolsa á seguinte persoa da listaxe de agarda.

## 8. OBRIGAS

As persoas beneficiarias deben de cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da Lei 38/2013, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que lle sexan de aplicación.

## 9. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro destas axudas e perda do dereito de cobro:

- Non cumprir os requisitos e as obrigas recollidas na convocatoria.
- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incurrir nalguna das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalguna destas causas, está obrigada a reintegrarlle á universidade a cantidade indebidamente percibida.

## 10. ASESORAMENTO PARA A REDACCIÓN E PUBLICIDADE DOS TRABALLOS

1. Ás persoas interesadas en redactaren e defenderen a tese de doutoramento, o traballo de fin de grao ou o traballo de fin de mestrado universitario oficial en lingua galega, a Universidade de Vigo, por medio da [Área de Normalización Lingüística](#), ofrécelles apoio lingüístico e asesoramento resumido nas seguintes actividades:

- Servizo de consulta lingüística e terminolóxica.
- Asesoramento na corrección das teses.
- Consulta do manual *Na universidade avanza co galego*  
[https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-12/Avanza\\_galego.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-12/Avanza_galego.pdf)

2. Coa autorización expresa das autoras e autores, a Área de Normalización Lingüística poderá publicar na súa web os traballos premiados facendo constancia da súa autoría.

## 11. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puidesen impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.



2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrarlle á Universidade de Vigo, logo do requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

## 12. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en:  
[https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto\\_%20proteccion\\_datos\\_para\\_CONVOCATORIAS\\_bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion_datos_para_CONVOCATORIAS_bolsas.pdf)

Código seguro de Verificación : GEN-ef77-9609-2f4d-755d-0f82-86ab-d4a6-f926 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección :  
<https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>



CSV : GEN-ef77-9609-2f4d-755d-0f82-86ab-d4a6-f926

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : SUSANA MARIA REBORDA MORILLO | FECHA : 11/07/2023 11:58 | NOTAS : F

**ANEXO II. Declaración do director/a da tese ou do titor/a do TFG/TFM de que o traballo se redactou e se defendeu en lingua galega**

Don/Dona.....  
....., como director/a ou titor/a do traballo de investigación da alumna ou alumno,

FAGO CONSTAR:


Que ..... don/dona  
..... redactou e defendeu, integramente en galego, o día ...../...../..... o traballo titulado  
.....  
.....

E para que así conste, asino electronicamente o presente documento para os efectos oportunos.

....., ..... de ..... de 2023

Sinatura electrónica

Código seguro de Verificación : GEN-ef77-9609-2f4d-755d-0f82-86ab-d4a6-f926 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

	<b>CSV : GEN-ef77-9609-2f4d-755d-0f82-86ab-d4a6-f926</b>
	DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <a href="https://portafirmas.redsara.es/pf/valida">https://portafirmas.redsara.es/pf/valida</a>
	<b>FIRMANTE(1) : SUSANA MARIA REBORDA MORILLO   FECHA : 11/07/2023 11:58   NOTAS : F</b>